

ALCOUVE

CURSO 2019-2020

ÍNDICE

LIMIAR	2
TARXETA DO GALEGO	3
1º EN SAMAÍN	4
TALLER EFECTO PO2	6
VIII ENCONTRO ESCOLAS UNESCO	8
AMAR O MAR	14
BAIXO O MESMO PARAUGAS	17
O CURSO DE 3º	19
VISITA DE PLASTIQUINA	21
ENTREVISTA A XOSÉ M. PEROZO	23
VISITA Ó SALÓN DO LIBRO	26
VISITA Ó PARLAMENTO	31
OS MAIOS DE 1º	33
TRABALLOS DOS NEN@S DE 4º	35
A NOSA BIBLIOTECA “PATATECA”	45
RECOMENDACIÓNS LECTORAS DE PATAQUIÑA	47
TO PLAY WITH HARRY IN SUMMER	48

LIMIAR

Benvidos querid@s lectores e lectoras da Revista Alcouve:

Un ano máis remata un curso escolar.
Este 2019 - 20 dende logo vai quedar na nosa memoria para sempre, xa que estivo cargado de vivencias extraordinarias.
Dende China, apareceu un maldito virus (COVID-19) que decidiu quedarse e facer da nosa normalidade algo diferente.
Na revista aparecen publicadas experiencias que fomos recompilando ata aquel 13 de marzo no que o noso día a día xa non voltou a ser igual.
Tivemos que confinarnos nas nosas casas e dende ahí co traballo e esforzo de toda a comunidade educativa, familias, profes pero sobre todo vós nenos e nenas, fomos sacando o curso adiante.
Por iso queremos adicar este número da Revista Alcouve a tódolos alumnos do cole, porque vos voltáchedes en heroes e exemplo para toda a sociedade debido a ese poder de adaptación á nova situación.
Esperamos que a Revista sexa do voso agrado.
Feliz e merecido verán para todos e todas.

Un sáudo.
O Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

Botón GALEGO en marcha!

O equipo d@s Fantástic@s de 1º comezou este curso coa tarxeta do nivel 1 de galego, pero hai que ver todo o que melloraron!

Xa chegou o Samaín!

A nosa araña Xertrudis desaparecera facía uns días e non tiñamos nin idea de onde estaba.
Vaia sorpresa levamos cando vimos a porta pola mañá! Alí estaba Xertrudis! Estaba moi cambiada e acompañada por morcegos, esqueletos, demos e bruxas cargadiños de impresionantes cabazas!

TALLER EFECTO PO2

NO MES DE OUTUBRO REALIZAMOS UNHA ACTIVIDADE ARTÍSTICA MOI DIVERTIDA PROMOVIDA POLO CONCELLO DENTRO DA CAMPAÑA EFECTO PO2.

A ACTIVIDADE PARTIU DO CONTO "A MIÑA CIDADE" DE SUSANA SUNIAGA PARA SENSIBILIZAR E CONCIENCIAR SOBRE A IMPORTANCIA DO VALOR E O RESPETO POLO MEDIO AMBIENTE E COMO PODEMOS AXUDAR ÁS NOSAS CIDADES A FAVORECER MODELOS URBANOS QUE LOITEN CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO.

A CONTINUACIÓN O ALUMNADO PARTICIPOU EN GRUPOS REDUCIDOS DEBUXANDO NUNHAS PEZAS DE TEA (QUE TIÑAN XA IMPRESOS UNS TUBOS E CHEMINEAS) TODO AQUILO QUE LLES GUSTARÍA APORTAR PARA MELLORAR A CIDADE E O MUNDO NO QUE VIVIMOS.

O RESULTADO FOI FANTÁSTICO E O ALUMNADO GOZOU MOITO CON ESTA ACTIVIDADE. ESTAS TEAS ESTIVERON EXPOSTAS DURANTE 15 DÍAS NO PASEO DAS PALMEIRAS (ALAMEDA).



ALCOUVE

VIII ENCONTRO DAS ESCOLAS ASOCIADAS Á UNESCO

Os días 14 e 15 de novembro de 2019 tivo lugar no pazo da Cultura de Pontevedra un encontro entre rapaces e rapazas de distintos colexios asociados á rede de Escolas UNESCO procedentes de distintos lugares de Galicia.

Asistiron tamén como invitados a estes encontros alumnado procedente de Alcoy (C.Valencia) e de Lisboa (Portugal), cos que puidemos participar nas distintas actividades a pesares de ter idades distintas ás nosas.

O obxectivo destes encontros era poñer en común os distintos traballos que cada colexio ou instituto levou a cabo en relación cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e tamén, mellorar as relacións interpersoais con xente de distintas edades e aprender cousas novas.

O xoves 14 nada mais chegar ao Pazo da Cultura reunímonos no salón de actos para proceder á inauguración da actividade.

Ademais das autoridades invitadas falaron o noso compañeiro Nico Barreiro e unha nena do colexio de Lérez

A continuación fixemos un descanso para merendar e logo asistimos a un concerto no Auditorio no que participaron o Conservatorio de Redondela e un grupo Portugués que tamén participaba como Escola asociada á UNESCO. Con eles disfrutamos moitísimo. Encantounos a todos-as!!!

Ao rematar os concertos presentáronse as actividades realizadas por cada centro no salón de actos.



Traballo elaborado por: Xiomara, Alba, Eloy, Yassim, Martina, Eva, Manuel, Irene, Candela, Noel, Tiago, André, Juanjo, Daniel, Pelayo, Juan Francisco, Artai, Noa e Alejandro de 4º de Primaria.

AMAR O MAR

Durante a xornada do 29 de novembro o alumnado de sexto de Educación Primaria fixemos unha actividade moi importante: *Amar o mar*.

Pola mañá recibíronnos Pablo e Teresa, os monitores que nos ían acompañar toda a xornada. Primeiro déronnos unha charla moi interesante, con datos relevantes sobre a contaminación e pautas para saber o xeito correcto de reciclar. A continuación, fixemos un xogo colocando nun cartel cunha foto da praia as cousas naturais que podíamos atopar e todo o artificial que contamina e que non debería estar nas praias.

Despois subímonos ao autobús e desprazámonos á praia de Praceres. Alí asombrámonos de todo o lixo que había nunha praia tan pequena, só 27 metros.

O primeiro que fixeron os monitores foi separarnos en grupos e dividir a praia en diferentes parcelas.

Unha vez formados os grupos, cada un deles tiña bolsas de plástico diferentes: as azuis para papel e cartón, as amarelas para plásticos, as negras para residuos orgánicos e as moradas para vidro. A maiores, cada grupo tiña unhas follas para ir anotando todo o que se atopaban antes de metelo na bolsa correspondente. Deste xeito, logo poderíamos facer un bo reconto. Atopamos de todo: cordas, cabichas, botellas, bolsas de plástico, pilas... Mentres íamos recollendo, por quendas, unha persoa de cada grupo ía cos monitores a separar microplásticos coas lupas.



Despois de dúas horas recollendo lixo sen parar, quedamos moi satisfeitos co noso traballo.

Atendede aos datos do reconto: Recollemos 30 kg. de plástico, 26 kg. de residuos orgánicos, 1 kg. de vidro e ½ kg. de papel e cartón. Quedamos moi asombrados por tantos quilos de lixo en tan poucos metros de praia.

Por último, Pablo e Teresa despedíronse de nós dándonos un agasallo pola nosa boa labor: unha bolsa de redes feitas á man cunha boia atada. Estamos ben orgullosos da labor que fixemos e máis concienciados do que supón tirar o lixo onde non corresponde.

Agardamos poder volver outro ano e seguir axudando ao medio ambiente.



Baixo o mesmo paraugas

O 3 de decembro conmemorouse o **Día Internacional das Persoas con Discapacidade.** As nenas e nenos de 5º de Primaria realizamos unhas actividades en colaboración coa asociación Juan XXIII de Pontevedra.

Contáronnos como se senten na rúa: observad@s, xulgad@s,

Tamén compartiron con nós un pouco da súa vida: logros, responsabilidades, intereses,...

Despois comezamos co obradoiro de decoración dos paraugas. ***Divertímonos moito!!***

Así decatámonos de que por moito que decoremos os paraugas para que se vexan diferentes, non deixan de ser paraugas.

O mesmo pasa coas persoas, por diferentes que sexamos (cor de pel, rasgos físicos, discapacidade,...) non deixamos de ser persoas!

ESTAMOS TOD@S BAIXO O MESMO

Por último...

Puxemos música e a bailar!!

Hai algo que nos guste máis?

O curso do alumnado de 3º de Primaria!

Este ano, na clase de 3º fixemos moitas actividades e saídas.

A primeira delas, foi a saída á Praza de Touros de Pontevedra. Alí puidemos ver como traballaba a Policía. Incluso había cans policía e… ata un

Celebramos o nadal cantando unhas panxoliñas e o día da Paz a ritmo da canción de Juanes titulada "*Paz, paz,*

Además… disfrazámonos todos de animais da granxa para celebrar o Entroido. Foi moi divertido! Bailamos, cantamos, desfrutamos coas actuacións dos nosos compañeiros, xogamos e… fixemos unas coplas para queimar ao

Tamén nos convertemos en expertos investigando o corpo humano e os movementos das máquinas grazas aos legos.



E investigamos sobre mulleres científicas.







A última saída que fixemos foi ao Salón do Libro. Este ano estaba adicado ao humor e que mellor forma de celebralo que facendo un libro de recetas humorísticas. Ademáis, no Salón do Libro puidemos saudar a Orbil e darlle unha grande aperta!

VISITA DE PLASTIQUINA

DESPOIS DE MOITO ESPERAR POR FIN NOS VISITOU PLASTIQUINA!!!!!!!

ESTA BONECA XURDIU DO PROXECTO “DESPLASTIFÍCATE” QUE TRABALLAMOS O CURSO PASADO, PERO ESTIVO POR MOITOS COLES DE GALICIA REPARTINDO A SÚA MENSAXE DE SOCORRO PARA SALVAR AO PLANETA.
NÓS REGALÁMOSLLE UNHA BOLSA DE TEA COMO AS QUE FIXEMOS, UN POEMIÑA E UNS DEBUXOS MOI CHULOS.
AO NOSO CENTRO TROUXÉRONNA DOUS ALUMN@S DO CEIP CAMPOLONGO E DESPOIS DE ESTAR CON NÓS UNHA SEMANA MARCHOU PARA UN COLE DE CANGAS.

MOITAS GRAZAS PLASTIQUINA POR ESTAR UNS DÍAS CONNOSCO!!!!!!

PLASTIQUINA

PLASTIQUINA

PLASTIQUINA

CEIP
CABANAS
BENVIDA
PLASTIQUINA


POEMA
HOLA PLASTIQUINA
TE VENIMOS A BUSCAR
PORQUE GRACIAS A TI
EMPEZAMOS A DESPLASTIFICA

BOLSAS DE TELA
ESTAMOS A USAR
Y EL PATIO LIMPIO
DE PLASTICOS ESTÁ
GRACIAS PLASTIQUINA
POR HACERNOS DESPERTAR
Y JUNTOS ENTRE TODOS
EL PLANETA DESPLASTIFICAR

A ECOPANDA NA SEMANA DO CAMIÑO DE SANTIAGO

Durante este curso, o alumnado de 6º B, xunto ao resto de compañeiros de 6º e 5º, tivemos a sorte de recibir no colexio ao autor do libro "A ecopanda e o misterio do Románico".
Primeiro leunos un pequeno fragmento do libro e contounos algunha anécdota, pero tiñamos ganas de preguntarlle máis cousas, así que a continuación deixámosvos unha breve entrevista:

Cando comezaches a escribir?
Comecei a escribir coa vosa idade. O primeiro poema publiqueino con 11 anos nunha revista; o primeiro artigo con 12, nun xornal. Tamén escribía pequenas obras de teatro que despois representaban os profesores/as no colexio. Eu sempre digo que conseguín "vivir do conto".

Algunha vez fixeches o camiño de Santiago?
Algunhas veces fixen traxectos en coche e tamén algúns tramos con amigos, pero o camiño de Roncesvalles ata Santiago de Compostela dunha atacada non o fixen. Iso si, coñézoo enteiro. Sempre pensei en facelo, pero unha das cousas que non fixen nunca foi deporte.

Cando escribiches o libro?
Hai un mes. Un libro desta extensión véñoo escribindo en 4 ou 5 días como moito. A veces, incluso nunha mañá teño escrito un libro enteiro.

O conto está baseado en algo real?
Non, os rapaces da "Ecopanda" son persoas que eu creei hai moito tempo, hai uns 15 ou 20 anos. Con eles xa fixen moitas historias, son personaxes ás que lle teño moito agarimo e que funcionan moi ben. É unha pandilla que se dedica a traballar e loitar por regular o medio ambiente e por recuperar as obras artísticas.

Por que aparece o mago Merlín no conto?
Merlín é un personaxe moi vinculado á tradición literaria. É o gran mago e foi asumido pola literatura galega por autores como Álvaro Cunqueiro, un dos primeiros autores galegos contemporáneos, que conta co libro *Merlín e familia*. Despois del, case todos os autores que escribimos fantasía temos a Merlín nalgún conto.

O nome de Pitágoras ten algún motivo?

Simplemente Pitágoras para min era un filósofo e matemático moi curioso. Na literatura se considera ao personaxe Pitágoras como un sabio, un home que todo o sabe.

Que te inspirou para escribir este conto?

Nunca sabemos moi ben porque se nos ocorren as historias. Eu teño moitísimos libros escritos e non sabería dicilo. No caso deste a visión é diferente, porque me pediron escribir sobre o camiño de Santiago para esta campaña. Trátase de ser creativos. Había que crear unha historia sobre o camiño e intentei buscar o interesante para vós sobre o mesmo.

De onde es e porque vives en Santiago?

Eu nacín nunha cidade chamada Llerena (Badajoz). Estudiei en Madrid nos tempos de Franco e chegaron a determe 3 veces. Unha vez que saín decidín marchar para Vigo porque meu pai tiña negocios aquí. Namoreime de Galicia e logo dunha muller, así que comecei a traballar no xornalismo e a escribir. A primeira vez que visitei Santiago sentinme como na miña casa, así que alí vivo. Eu sempre digo que hai dous pobos que valen a pena: Santiago e Llerena.

Cantas copias se fixeron do libro?

Deste fixéronse 20.000. Ao igual que vós, nesa semana 20.000 nenos e nenas estiveron lendo o conto.

Tes que escribir todos os días?

Si, eu escribo todos os días. Normalmente de 5:00 a.m. a 8:00 a.m. escribo, logo almorzo, de 10:00 a.m. a 14:00 p.m. ou fago xestións ou escribo, e pola tarde...Son moi aburrido, pola tarde tamén escribo.

Acábanseche as ideas para escribir?

Para escribir a imaxinación creo que é como os músculos para os deportistas, trátase de estar activo. Eu polo menos teño a sorte de estar constantemente creando. Polo de agora levo 50 anos creando historias e nunca tiven problema coas ideas.

Ao rematar as preguntas, tivemos a gran sorte de que nos firmoara un a un o noso libro con dedicatoria personalizada. Foi un pracer!



VISITA Ó SALÓN DO LIBRO

O DÍA 11 DE MARZO OS NENOS E NENAS 5º DE INFANTIL FORON UN ANO MÁIS A VISITAR O SALÓN DO LIBRO E A SÚA MASCOTA ORBIL. ESTE ANO ESTABA ADICADO “O HUMOR”, E O TRABALLO DO NOSO COLE LEVOU POR TITULO “ COMIDA DIVERTIDA”.
O CICLO DE INFANTIL, COMO ESTIVEMOS A TRABALLAR NO PROXECTO DA HORTA, FIXEMOS UN LIBRIÑO QUE DABA MOITA GRACIA, TITULADO “RISAS NA HORTA”.
ADEMÁIS DE VISITAR O SALÓN, QUE NOS ENCANTOU, PUIDEMOS DISFRUTAR DUN CONTACONTOS DA MAN DE ANDREA BAYER, QUE SEMPRE É UN GRAN PRACER.
ESPERAMOS VOLTAR O ANO QUE VEN!!!

ALCOUVE

CATALEJO
CASTAÑAS

Poder

LIBROS
PERIGOSO
PERIGO! RISAS
PERIGO! RISAS
PERIGO! RISAS

O NOSO TRABALLO





EXCURSIÓN DOS NENOS E DAS NENAS DE 5º DE EP

O día 3 de marzo os alumnos e as alumnas de 5º de Primaria fomos de excursión a ***Santiago de Compostela.***

Primeiro visitamos a ***Xunta de Galicia*** *en San Caetano. Explicáronnos a historia do edificio, o que fan alí e fixemos un recorrido polas diferentes salas.*

A seguinte parada foi o pazo do Hórreo, o edificio onde está situado o ***Parlamento de Galicia.***
Visitamos o salón de plenos, sala de prensa, a biblioteca e outras dependencias de uso polivalente. Támén poidemos ver un pleno en directo!

Pareceunos moi interesante! Descubrimos que aprendendo cousas tamén o podemos

Os maios de 1º A

Xa sabemos o festeiro que é este equipo!
Construíron maios, inventaron coplas, investigaron
sobre o fiúncho e mesmo CANTARON!





7-5-2020

Coplas

Hoxe estou en casa,
mañán tamén,
toda a semana,
para o mundo protexer.

Brais



Aquí vem o Maio
vestido de flores,
aquí vem o Maio,
con cascos de cores.

Salvador.

O COLEXIO ABANDONADO

Érase unha vez e mentira non é...
Toda a clase de 4º de primaria do

colexio de Cabanas fomos de excursión ao bosque de Vila Porta, para ver os diferentes animais e plantas que se atopan alí, xa que estivemos dando na clase os seres vivos.
Saímos do colexio as 10 da mañá. Con nos viña a nosa profesora Ana.
Chegamos ao bosque de Vila Porta sobre as 10:30 h. Baixamos do autobús. A profe empezounos a explicar todo o que alí había. Ao terminar

deixounos tempo libre e todos os compañeiros decidimos ir a investigar que había pola zona. Atopamos un colexio abandonado, parecía un castelo antigo e daba un pouco de medo. Avisamos á profesora para que o vira.

Entramos todos xuntos. Puidemos ver que estaba todo roto, tirado polo chan. O colexio tiña moitas aulas, comedor, cociña, biblioteca...

Era moi grande e fermoso.

Cando estábamos a punto de saír, vimos que algo brillaba no chan. Era unha caixa e dentro tiña un mapa.

Seguimos as instrucións e levounos ao patio que estaba detrás do colexio. Entre todos fixemos un buraco e sorpresa!. Atopamos unha caixa grande que tiña dentro moitos cartos. Quedamos sorprendidos.

A profesora Ana chamou ao alcalde da vila máis cercana para preguntarlle se podían doarlle os cartos a arranxar o colexio. O alcalde dixo que sí.

En pouco tempo o colexio estaba novo e os nenos xa podían ir a aprender e xogar. E aquí remata esta historia máis longa que unha zanahoria.

Adrián Caballeiro Couso 4ºA

COVID-19



Estimados compañeiros:

Este período sen vós non o pasei moi ben.
Tiven a sensación de que foi coma unha enfermidade que cambiou a rutina da miña vida.

Nun principio pensei que sería coma unha gripe común, que non había que preocuparse moito, pero dinme conta de que me equivocaba...
Era máis perigoso do que imaxinaba.

Dous ou tres meses despois, como comezéi a saír, sentinme máis aliviado, pero aínda tiña medo.

Durante o confinamento tiven á miña nai na casa e sentinme protexido. Cando a miña nai empezóu a traballar, tiña á miña avoa ao noso coidado (meu e do meu irmán), pero como ela ten un óso roto, non camiña ben e tíñamos que comer un pouquiño menos.

Esta situación preocupábame porque tiña medo de que a miña nai se infectara e nos infectara.

Co tempo entendín que este medo que tiña me paralizaba e non me permitía disfrutar dos momentos de liberdade.

Xa cando entramos na fase un, a miña tranquilidade venceu ese medo, empezéi a confiar na mellora da situación.

Agora disfruto moito de tódalas situacións:

- Pasear en bicicleta coa miña curmán.

- Ir á praia dunha vez por todas (a miña avoa quedaba na casa porque... xa sabedes as muletas entérranse na area).

- Comezar de novo as actividades coma pintura, onde me relaciono con outros rapaces.

- Ir por fin a tomar algo nunha terraza e que che poñan un aperitivo... (meu irmán é fanático dos churros).

- Contemplar a natureza de cerca e non só desde a terraza do noso fogar.

Pero son consciente de que a miña felicidade non é completa, pola ausencia de alguén...
E aínda que esta carta vai dirixida a vós, vai tamén dedicada a esta persoa: o meu querido pai, co que falo cada noite e cóntalle como paseí o meu día. El cóntame esa historia do superheroe que é interminable e que creo que está baseada en min.
Queridos compañeiros con isto quérovos transmitir que aínda que teñades mellores amigos, debemos ter en conta que somos coma unha familia onde importamos todos. Espero que isto nos una para o próximo curso.

Brais Moreira Gondar

DEBUXO DE BRAIS E SEU PAI

BISCOITO DE CHOCOLATE

Ingredientes:

- 1 sobre de levadura.
- 3 ovos.
- 1 iogur de 125 g.
- 2 medidas de iogur de fariña.
- 1 medida de cacao en polvo
- 2 medidas de azúcre
- 1 medida de aceite de xirasol.

Elaboración:

Introducir nun bol todos os ingredientes, usando como medida o vaso do iogur, ata que quede unha masa homoxénea.
Introducir a masa a un molde engraxado con aceite.
Introducir o bol ao forno a 180º, 35 min

Suxerencias: Espolvorear con azucre glas.

Maria Ferrer - 4º Primaria

ENCRUCILLADO



OS MAIOS

Os maios é o nome dunha festa popular galega co fin de exaltar a natureza ao comenzo da primavera.

Celébrase o día 1 de Maio.

A festa consiste en realizar diversas representacións arredor dunha árbore ou escultura chamada "maio". Este ten forma cónica e está feito de paus. Esta estructura cúbrese con fiuncho e logo debúxanse diferentes motivos con hamburlos, follas, froitos, ovos...

Enriba colócase unha cruz.

Acompañando ao maio ten haber un grupo de persoas ataviadas con flores, que danzan e reproducen cantigas arredor do maio facendo percusión cuns paus.

Nicolás Barreiro Muñoz 4ºEP

Un día inesperado

Érase unha vez e mentira non é unha clase de nenos que encontraron un mapa do tesouro mentres xogaban. O supasto tesouro encontrábase nun perigoso e encantado colexio que tiña unha larga historia que vos contarei.

Noventa anos atrás este colexio foi embruxado por pantasmas, por sorte os nenos non estaban alí porque xa había pechado.

Desde aquel día dise que as pantasmas siguen alí. Os nenos sabendo a historia do colexio, non querían entrar pero sabían que si o tesouro era real que se farían ricos e á vez famosas. Entón entraron... Avanzaban e avanzaban ata que chegaron a un grande e tenebroso pasillo.

Nun momento empezábase a escoitar cruxir o chan como se alguén estivese andando ¡Crack! ¡Crack! e os nenos cando o escoitaron votaron a correr mirando o mapa. Entón viron un buraco

no chán ¡e aí estaba o tesouro! Cando sacaron a gran caixa botaron a correr como buses porque algo se acercaba máis e máis.

Cando saíron as portas pecharon soas mentres eles marchaban cara a cidade, e alí abriron a gran caixa ¡e...! so era unha cápsula do tempo.

Non era un tesouro, pero viviron toda unha aventura.

E aquí remata esta historia mais longa co unha zanahoria.

Nicolás Casas Franco 4º primaria.

A NOSA BIBLIOTECA

Pataquiña quere recordarvos as actividades que se fixeron durante este curso. Algunhas tiveron que ser "online"

CAMPAÑA EFECTO PO2

OS PROFES DO CEIP CABANAS

NON OCULTES O TEU SORRISO



23 DE ABRIL, DÍA DO LIBRO



MENSAXE DE ÁNIMO



LIBROS QUE ME GUSTAN

PROPOSTA LETRAS GALEGAS 2020



GENIALLY AVENTURA EN CABANAS



OS APLAUSOS DOS NENOS DE 6º



CONTOS, RIMAS ...



NOVIDADES

EU QUEDO NA CASA

RESOLVE AS MISIÓNS



DÍA DA PAZ

CLUB DE LECTURA

SAMAÍN



CONTACONTOS MIGALLAS

20 DE NOVEMBRO

DÍA DA POESÍA

DÍA DA MULLER

O SALÓN DO LIBRO

BIBLIOXOGOS

PLASTIQUINA



VISITA DO ESCRITOR XOSÉ A. PEROZO

25 DE NOVEMBRO

FESTEXAMOS O ENTROIDO

DÍA DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

XOGOS DE PATIO

MANNEQUÍN CHALLENGE



RECOMENDACIÓNS LECTORAS DE PATAQUIÑA

3º CICLO

"NACE UN CAMPIÓN"
Ed. Galaxia.

"VAMPIRA DE BIBLIOTECA"
Ed. Xerais

"EL ELEGIDO"
Ed. Idampa

"XELIS, O GUIEIRO DAS BOTELLAS DE MAR"
Ed. Xerais

Bibliotecas escolares de Galicia
Paísmais



LIBROS QUE DEIXAN PEGADA

LECTURAS PARA VERÁN

CEIP CABANAS-SALCEDO

http://alcouvebiblioteca.blogspot.com.es/

XUÑO, 2020

1º CICLO



" LOS MIEDOS DEL CAPITÁN CACUCIAS" Ed. Nubeocho

"PARA ONDE IMOS CANDO DESAPARECEMOS"
Ed. Xerais

" O DRAGÓN ANTÓN E O SAPO ROSENDO
Ed. Xerais

" LOLA Y EL MONSTRUO"
Ed. kókinos

INFANTIL

"LAS CHICAS PUEDEN CON TODO"
Ed. Bruño

"OLA, SON UN BICHO BOLA"
Ed. Apiario

"TE QUIERO TAL COMO ERES"
Ed. Bruño

"LA OVEJA QUE INCUBÓ UN HUEVO" ED. Picarona

2º CICLO

"EL LIBRO DE LOS HECHIZOS"
Ed. Anaya

" DE VIAXE POLO MUNDO"
Ed. Xerais

" LA TRIBU DE CAMELOT"
Ed. Destino

" MORTIÑA UN CURMAN REPUGNANTE"
Ed. Hércules ediciones



Harry Potter Wordsearch

j e u g o b l e t s u i c u l
q u i d d i t c h d g f m m h
b f z p h o e n i x f u a m o
r t f i e s s c f u g u i s g
e w u i g n r l p g a u w n w
b m i e r o d e l b m u d o a
m s x z u g l e r e b s r i r
a b o c a f o a f a p e p t t
h v h r f r c p s u g s o a s
c y r u c a d i p n a u t n d
n s h e d e l o a i c i t i r
c b a a n i r r c l h r e v a
l d b o s i g e w a l i r i b
n r m k b e m u r r r s u d g
a r e d u a r a m e l d d i r

abracadabra
bard
basilisk
chamber
crouch
divination
draco
dumbledore
goblet
granger
hippogriff
hogwarts
hufflepuff
lucius
marauder
minerva
muggle
phoenix
potter
quidditch
riddle
sirius
sorcerer
spells
wizard

makebreaks.com

I SPY Harry Potter

2 4 4 5 4 5 7 4 6 5

1 6 7 1 3 6 7 4 7 5

3 3 4 6 2 7 5 9 6 3

papertraildesign.com

A Little Word Search Puzzle to Prepare for

Harry Potter World

M H M Z Y W S T J S I Z R O X Z O L E D
P M M E A E G E T Y O G L K R B Z E G R
V J C N R V N T K U L L D X Z W F A A A
V Z D W K M O R Y U I Y D N F L R K L G
Z S I A P G A C U V D Q L M F Y A Y L O
R V K A N T K I A O U Y D D N E C C I N
C G V I V U K N D X J G E V Q F G A V L
E A R F F Q D T O V H N W N U P N U E G
H G S P H E M N G C H U E B O S I L D H
R E E B R E T T U B K C K D B H Y D A E
X V G S K U P Z J T K T V P D G L R E S
S M D T T D C I A P D E U W D I F O M L
M I Z O P V C O C F K P D R U E B N S A
N O I T A T S S S O R C S G N I K R G R
W S D H O G W A R T S Q P C Q A O R O K
G E S E O P Q Z Y L J G B P V N L I H F
T H R E E B R O O M S T I C K S M L D W
W T A H K W P X T H F Z J N R E A W E W
L E Z E R Z B S C C Z H J K Y B L D B Y
C K D N L O O U D X O G X Q L R S E Z N

Ollivanders
Forbidden Journey
Hogwarts
Knockturn Alley
Leaky Cauldron
Butter Beer
Kings Cross Station
Honeydukes
Hogsmeade Village
FlyingCar
Gringotts
Flight Of The Hippogriff
Dragon
Mermaid
Wands
Three Broomsticks

meandmyinklings.com

Color by number to complete the picture



1 = yellow 2 = red 3 = black 4 = white 5 = brown 6 = gray 7 = peach

lemonlimehappiness.com

Summer Word Search

P S V Q Z C A F L O W E R S P
H L U B D W W L F G X R K A L
S O O M U P L A N T S A V M A
U U Z R M T S W I M M I N G Y
N T D S B E T B R Q O T T Z I
S S E J G E R E E R I Q H P N
H I Z S U L A S R P O O L A G
I D F A U N T C W F E Z D G B
N E N D K N N K H E L M T G E
E K H F M E U E M C I I Z C E
F Y I D N A T U R E E C E P S
P V A C T I V I T I E S U S Q
U H W G H O I F H U I S D G F
G E L D T O E C O F C E K Y L
C O U N R A T L I J H Q O D Z

Butterflies
Outside
Beach
Sun

Activities
Swimming
Pool
Hot

Sunshine
Summer
Playing
Bees

Flowers
Nature
Plants



WELCOME SUMMER

C X A G N B H R C I Y J D L M K R A P E M E H T
A A T E P A R T I E S V F R U G A D H B T I J N
M L R H J W K K E Y S E I L F E R I F B L E U K
P B M N T K E O Y F P O U Q I W X R I H F S M O
I L D V I C E C R E A M R X S D W Y R G L Y P Z
N A P B O V C G P D S H E R H F S S E G I V R H
G R P H U L A H O O P S I J I J J A W K P H O L
M O D N A O F L O P G Q J R N S K N O T F U P V
W L F X P Y J Z L A A W E S G B L D R C L P E D
E L H F J G O H X I Q J W E K R L A K G O M H N
O E B S P C A U G U S T Q I C R X L S U P Z T M
V R G U H T D E R T H J K V L O H S B T S D R G
D C H N R V J T N C H A R O M H R L E E D E A F
P O P S I C L E S T T Y U M O Y L K K C I N H G
E A X C C W E T Y K C S G N A E M I E F A H A Q
S S T R N O N N E G H W O E V X B P A R A D E S
H T U E A D J U L Y R I B J R K E Y M M G H E V
A E S E T D F F Q W T M E R E T A Y U I H S O P
A R S N A D F G H A J M K L L Z C X C V S B N S
M Q W E L R T U C T I I O P K A H S D A A F G C
H J K L I Z X A C V B N N M N Q R W L E L N U I
R T Y E E U V I O P A G S D I F G G H J P A J N
Z X N C V B N F D H J T R H R J N K L E S G W C
I U E R K S E N O C W O N S P U P C I H G E W I
J W H C O O K O U T S W E E S D L K I J F M D P

AUGUST
BEACH
BIKES
CAMPING
CARNIVAL
COOKOUTS
FIREFLIES
FIREWORKS
FISHING
FLIPFLOPS
FUN
HULA HOOPS
ICE CREAM
JULY
JUMPROPE
JUNE
MOVIES
PARADES
PARTIES
PICNICS
POOL
POPSICLES
ROLLERCOASTER
SANDALS
SPLASH
SPRINKLER
SNOWCONES
SUNGLASSES
SUNSCREEN
SWIMMING
THEME PARK
VACATION

Sea Word Search

sea
fish
whale
water
wet
seal
blue

w	f	b	s	w
e	i	r	e	a
t	s	e	a	t
w	h	a	l	e
b	l	u	e	r



mrprintables.com

Whale Maze

Directions: Help the whale find his friend!



HUMANUS


HAVE AN
A-MAZE-ING
SUMMER!
FROM:

CEIP Cabanas
CABANAS
SALCEDO
Curso 2019/20
D. Jose Luis Verdeal
Dna. Eva Fontáns
Dna. Aurora Ogando
Dna. Patricia Piñeiro
Dna.Cristina González
Dna. Sabela Torres
Dna. Julia Camiña
D. Enrique Poncela
Dna. Marta Castro
Dna. Tutú Domínguez
Dna. Sonia Iglesias
Pablo Acuña
Carla Trabadela
Nabil Zendi
Irene Bermúdez
David Ucha
Alba Barcala
Manuel Rebollo
Moad Nichami
Sara Suárez
Antía Carrera
Manuel Senra
Esteban Cons
Eniko Rosende
Víctor de Gouveia
Paula Rodríguez
Mabel Gutiérrez
José Rodríguez
Carla Doval
Andrés Reus
Yasmin El Aine
Anxo Otero
Marcia González
Alejandro Pereira
Miriam Garrido
Lucas Pereira
Patricia García
Julia Pérez
Darío Franco
Alicia Portela
Íker Fernández
Óscar Sueiro
Samuel Estévez
Martín Recamán
Alexandre Garrido
Laura Calvo
Jacobo González
David Muñoz
Sara Díaz
Aroa Mouco
Patricia Iglesias
Carmen Martiñán
Uxía Juncal
Iván Maíllo
Alejandra López
Izan Lorenzo